

Memoria xustificativa do convenio de colaboración entre a entidade pública empresarial Augas de Galicia e o Concello de Vedra para o Saneamento das parroquias de San Mamede e Santa Cruz. Fase III. Concello de Vedra (A Coruña), cofinanciado polo Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER) no marco do Programa de Desenvolvemento Rural Galicia 2014-2020

1. Antecedentes

O Concello de Vedra ten atribuídas competencias en materia de saneamento de auga potable en base á Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, que nos seus artigos 25.2 c), 26.1 a) e 86.2, configura o saneamento e depuración de augas residuais como un servizo de competencia local, nos termos establecidos pola lexislación da comunidade autónoma.

Neste senso, o artigo 80.2 l) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, reguladora da Administración local de Galicia, sinala como competencia atribuída ás entidades locais o tratamento de augas residuais, delimitando a Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia o reparto competencial neste eido, resultando competencia das entidades locais, en materia de execución de obras, as que teñan por obxecto a rede de sumidoiros (artigo 5.1.b), redes de distribución (artigo 27.2.c), a execución de calquera obra no eido do saneamento e/ou a depuración que non teña sido declarada de interese público por algún dos medios do artigo 28 da Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia (artigos 27.2.a) en relación co artigo 5.1 c).

Ademais, en materia de prestación do servizo, atribúese competencia ás entidades locais para a prestación do servizo respecto de instalacións non comprendidas no artigo 32 da Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia, respecto daquelas instalacións das que non se solicite a súa asunción do servizo pola Xunta de Galicia de acordo co establecido na disposición transitoria quinta, así como a prestación do servizo de saneamento (artigo 5.1.c).

A entidade pública Augas de Galicia, entidade creada pola Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia e regulada polo Decreto 32/2012, do 12 de xaneiro, polo que se aproba o seu estatuto é unha entidade pública empresarial do sector público autonómico de Galicia, adscrita á Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, con personalidade xurídica propia e plena capacidade de obrar para o cumprimento dos seus fins, e constitúe o medio, xunto co resto de órganos que integran a Administración hidráulica de Galicia, a través do cal a Comunidade Autónoma de Galicia exerce as súas competencias en materia de augas e obras hidráulicas.

Entre estas competencias atópanse, con carácter xeral, e de acordo co establecido na Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia, a ordenación administrativa e a planificación das obras hidráulicas non declaradas de interese xeral (artigo 4.1.a) e, de xeito concreto, no ámbito do saneamento e a depuración, correspóndelle a ordenación dos servizos de saneamento en alta (artigo 11.5.a) e a elaboración dos criterios de coordinación das actuacións das entidades locais (artigo 11.5.b e 26.2.d), entre outras. En calquera caso, as competencias da Comunidade Autónoma de Galicia exerceranse sempre de conformidade co principio de garantía e eficacia do servizo público de abastecemento (artigo 3.1.f).

2. Obxectivos que se pretenden

O obxecto deste convenio de colaboración é establecer as condicións básicas para a colaboración entre Augas de Galicia e o Concello de Vedra que permitan acometer e incorporar ao patrimonio público municipal as obras consistentes no "Saneamento das



parroquias de San Mamede e Santa Cruz. Fase III. Concello de Vedra (A Coruña)", a súa posta en servizo, a súa explotación e a súa conservación e mantemento

3. Necesidade da colaboración, razóns de oportunidade e xustificación da non concorrencia

Coa actuación obxecto do convenio preténdese completar o saneamento do concello de Vedra, dotando aos núcleos de Outeiro, Lagoa, Sete e Agustín dun sistema de saneamento axeitado mediante a execución dunha rede de colectores e os seus correspondentes pozos de rexistro, que conducirán as augas residuais á Estación depuradora de augas residuais, e eliminar así os vertidos que se producen ao medio.

Para a consecución destes e dos restantes fins e obxectivos establecidos en materia de saneamento, a Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia, establece un mandato de colaboración entre as entidades locais, que ostentan competencias na materia, e a Comunidade Autónoma de Galicia. A natureza da colaboración pode ser técnica e/ou financeira e articularse a través de diversos mecanismos como son, a participación de Augas de Galicia na construción e explotación de obras que sexan competencia das entidades locais galegas (artigo 11.3 d), e a regulación e ou outorgamento de auxilios económicos ás entidades locais en materias da súa competencia (artigo 26.3).

O artigo 57 da Lei de bases do réxime local e o 194 da Lei da Administración local de Galicia determinan que a cooperación económica, técnica e administrativa entre a Administración Local e as Administracións do Estado e das Comunidades Autónomas, tanto en servizos locais como en asuntos de interese común, desenvolverase con carácter voluntario, baixo as formas e nos termos previstos nas leis, podendo ter lugar, en todo caso, mediante os convenios administrativos que subscriban.

Polo exposto, estímase xustificada a utilización do instrumento do convenio para articular a colaboración de referencia, quedando o devandito convenio fora do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, de acordo co establecido no artigo 6 da antedita lei.

4. Estimación de custos e financiamento

O custo total da actuación de referencia contemplada neste convenio ascende a un millón trescentos vinte cinco mil euros (1.325.000,00 €), distribuídos nas seguintes anualidades entre as partes asinantes:

	AUGAS DE GALICIA	CONCELLO DE VEDRA	IMPORTE
2021	50.000,00 €	00,00 €	50.000,00 €
2022	1.010.000,00 €	265.000,00 €	1.275.000,00 €
TOTAL	1.060.000,00 €	265.000,00 €	1.325.000,00 €

Para financiar a súa achega Augas de Galicia dispón de crédito suficiente e axeitado na conta 230 "Investimentos xestionados para outros entes públicos" do Plan Xeral de Contabilidade Pública de Galicia.

A achega do Concello de Vedra será da parte non elixible do gasto, cunha contía máxima de douscentos sesenta e cinco mil euros (265.000,00 €). En ningún caso, a achega do concello de Vedra será superior ao gasto non elixible. Se o gasto non elixible definitivo resulta superior, Augas de Galicia financiará a diferenza.

O gasto elixible, a execución das obras de referencia serán cofinanciadas de acordo co que segue:



- As actuacións obxecto do convenio serán cofinanciadas pola Unión Europea a través do Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER), Europa inviste no rural nun 75%, no marco do Programa de Desenvolvemento Rural (PDR) Galicia 2014-2020. As actuacións enmarcaranse dentro do Programa de Desenvolvemento Rural na Medida 07 "servizos básicos e renovación de poboacións en zonas rurais", Submedida 7.2 "apoio ós investimentos na creación, mellora ou ampliación de todo tipo de pequenas infraestruturas, incluídos os investimentos en enerxías renovables e aforro de enerxía".
- Por Augas de Galicia nun 17,50 %.
- Polo Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente nun 7,50%.

Para a tramitación deste convenio, tense observado o cumprimento dos requisitos establecidos na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Santiago de Compostela

A directora de Augas de Galicia
Teresa María Gutiérrez López
(asinado dixitalmente)

